

GEORGIOS VIZIINOS

**As consecuencias  
da vella historia**

Traducido por Alfonso Blanco

III Premio Realia de Tradución Literaria



Hugin e Munin

Por aquel tempo estudaba eu en Gotinga, cidade da provincia de Hannover<sup>1</sup>, tan escura e insignificante dende calquera outro punto de vista como distinguida e famosa pola súa Academia Augusta<sup>2</sup>. En efecto, no seu firmamento intelectual xurdiron, xacando, e aínda resplandecen hoxe, as máis brillantes estrelas da ciencia alemá.

O meu primeiro inverno en Alemaña paseino envolto en cinco mantas de pelo de cabra, malia o cal non deixaba de tremer e de soprar nos dedos para quentalos. Prégolle ao lector de Atenas que non se ría de min por esta confesión. Que reserve o seu sal ateniense para salpresar as súas ocorrencias cando se lle ofrezca a feliz ocasión de vivir, aínda que sexa só unhas poucas semanas, a 32 ° de temperatura; e quero dicir 32 graos Réaumur, non sobre cero, non, senón baixo cero<sup>3</sup>. Que vexa a humidade do ar ancorada nos vidros e nas superficies metálicas da

---

<sup>1</sup>Na época da novela, Hannover formaba parte do reino de Prusia (1701-1918). Dende 1946, a cidade é a capital do estado de Baixa Saxonia, integrado na República Federal de Alemaña.

<sup>2</sup>A Universidade de Gotinga fundouna en 1734 Xurxo II (Hannover, 1683-Londres, 1760), príncipe elector de Hannover e rei de Gran Bretaña.

<sup>3</sup>O grao Réaumur é unha unidade de temperatura en desuso. Foi amplamente empregado en Francia, Alemaña e Rusia até ser substituído polo grao Celsius. Recibe o tal nome en honra de René Antoine Ferchault de Réaumur (La Rochelle, 1683-Saint-Julien-du-Terroux, 1757), quen o propuxo como unidade en 1731. Un valor de 0° Réaumur corresponde ao punto de conxelación da auga, e 80° Réaumur ao punto de ebulición. O narrador consigna aquí, por tanto, -40° C.

casa, en grosas capas de maravillosos e multiformes cristais; que escoite os estralos da neve ao pisala, como feita de duras, agudas e ruidosas limaduras de aceiro; que sinta o corpo enteiro cuberto de carazo, cando a transpiración se conxela pola parte de dentro da roupa, igual que a fariña envolve un muiñeiro; que vexa como lle penduran candeas do bigote do tamaño dos caramelos pendurados das baixantes e dos beirados atenienses o inverno anterior... Cando iso suceda, que veña e falamos.

Tamén eu, en certa ocasión, por culpa do calmazo do noso país, botara man de palabras insolentes para moquearme dun poeta «pola graza de Deus» a causa das súas esaxeracións sobre o frío, que eu consideraba contranaturais. Pero, naquel inverno de 187... en Gottinga, entendín o significado dese adaxio que di: «Que se che conxele o alento na boca». Aquela friaxe conxelábase o alento, xa non na boca senón nos pulmóns! Mesmo cando chegou a primavera seguinte, e cando se consumiu, e incluso mediado o verán, eu tusía e tusía e tusía! Presentouse por fin a sufocante calor de agosto, que fixo remitir o mal. Non obstante, o po, as mefíticas exhalacións das vedrañas rúas de Gottinga, que imitaban as de Atenas, non eran demasiado convenientes para acelerar a culminación da cura. Por iso xulguei necesario mudar de clima.

O meu médico era daquela o xa defunto conselleiro áulico<sup>4</sup> *herr* H., un ancián douto en Homero, así como (segundo os filólogos, precisamente por iso) unha celebridade entre os internistas alemáns, director do policlínico,

---

<sup>4</sup>Título do Sacro Imperio Romano Xermánico (entidade política vivente entre 962 e 1806), que designaba un conselleiro político pertencente a algunha das cortes dos seus principados electorais, ou da corte imperial coma tal. Tras a disolución desta unión política, o título outorgaba a condición de conselleiro de estado, con funcións políticas e/ou xudiciais; aínda que tamén, nalgúns casos, tiña un valor meramente honorífico.

